

**PROGRAMACIÓN DO
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA.**

I.E.S. OTERO PEDRAYO (OURENSE).

CURSO 2009-2010.

ÍNDICE

| | | |
|--------------|---|-----------|
| I. | RELACIÓN DE PROFESORES E ASIGNACIÓN DE MATERIAS..... | 3 |
| II. | PROGRAMA DAS DISTINTAS MATERIAS..... | 4 |
| | II.1. HISTORIA DA FILOSOFÍA..... | 4 |
| | II.2. FILOSOFÍA DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA..... | 14 |
| | II.3. ÉTICA E FILOSOFÍA DO DEREITO..... | 17 |
| | II.4. FILOSOFÍA E CIDADANÍA..... | 22 |
| | II.5. ANTROPOLOXÍA..... | 26 |
| | II.6. EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA..... | 29 |
| | II.7. EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DD.HH..... | 34 |
| III. | CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS..... | 40 |
| IV. | CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR..... | 42 |
| V. | CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES NAS T.I.C..... | 43 |
| VI. | MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 44 |
| VII. | PROGRAMAS DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES..... | 45 |
| VIII. | ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES..... | 45 |
| IX. | PLAN DA AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE. PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN RECOLLIDAS NA MEMORIA..... | 45 |

I. RELACIÓN DE PROFESORES E ASIGNACIÓN DE MATERIAS.

A. ANTONIO FERNÁNDEZ SEOANE.

- **HISTORIA DA FILOSOFÍA (2º BACHARELATO).**
- **FILOSOFÍA E CIDADANÍA (1º BACHARELATO).**
- **ANTROPOLOXÍA (1º BACHARELATO).**
- **EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E PARA OS DD. HH. (2º E.S.O.).**
- **ATENCIÓN EDUCATIVA (2º ESO; 2º BACHARELATO).**

B. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ COSTAS (XEFE DO DEPARTAMENTO).

- **FILOSOFÍA II (2º DE BACHARELATO).**
- **FILOSOFÍA DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA (2º DE BACHARELATO).**
- **FILOSOFÍA E CIDADANÍA (1º DE BACHARELATO).**
- **EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA (4º E.S.O.).**
- **ATENCIÓN EDUCATIVA (3º ESO).**

C. PATRICIA FIGUEROA RODRÍGUEZ.

- **HISTORÍA DA FILOSOFÍA (2º BACHARELATO).**
- **ÉTICA E FILOSOFÍA DO DEREITO (2º BACHARELATO).**
- **FILOSOFÍA E CIDADANÍA (1º DE BACHARELATO).**
- **EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA (4º ESO).**
- **ATENCIÓN EDUCATIVA (4º ESO).**

D. XULIO FERNANDO NEGREIRA VILACOBA.

- **HISTORIA DA FILOSOFÍA (2º BACHARELATO).**
- **EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E PARA OS DD. HH. (2º E.S.O.).**
- **ATENCIÓN EDUCATIVA (3º ESO, 1º BACHARELATO, 2º BACHARELATO).**

II. PROGRAMA DAS DISTINTAS MATERIAS.

II.1. HISTORIA DA FILOSOFÍA.

A. INTRODUCCIÓN.

Consonte as directrices establecidas Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a (DOG, nº 120 do luns, 23 de xuño de 2008) e as directrices emanadas da CIUG, establecemos os diferentes contidos desta materia de Historia da Filosofía. Recollemos os aspectos introdutorios do mencionado Decreto referidos a esta materia.

A materia de historia da filosofía retoma a reflexión iniciada polo alumnado coa filosofía e cidadanía, dotándoa dun carácter sistemático e diacrónico. A estreita relación entre estas materias do bacharelato debe manifestarse, tanto na organización docente dos contidos como na actividade reflexiva desenvolvida por cada estudante, que deberá retomar os conceptos e procedementos iniciados no curso anterior e afondar neles.

O que a historia da filosofía lle achega ao alumnado é unha construción diacrónica dos principais momentos e autores do pensamento filosófico que servirá, por unha banda, como exemplo de solución a problemas filosóficos e, pola outra, como condicionantes pasados de conceptos e problemas vixentes no día de hoxe. Pero, asemade, encontraremos certos problemas constantes ao longo da historia da filosofía: a relación entre realidade e aparencia, entre coñecemento e opinión, entre o individuo e a sociedade; o problema da liberdade e da autorrealización humana, a orixe dos valores morais, a lexitimidade do poder político, o dominio técnico da natureza,...

Os contidos da historia da filosofía están secuenciados en catro grandes etapas históricas: antiga, medieval e renacentista, moderna e contemporánea. En cada unha delas serán abordados unha serie de autores e correntes especialmente significativas, seleccionando os temas máis importantes na súa obra de cara a ter unha visión completa da historia da filosofía. A temporalización por períodos obedece á necesidade de contextualizar a cada autor e cada tema nun momento histórico determinado, cuns condicionantes sociais, económicos, políticos e culturais que lle dan sentido e serven de medida da súa relevancia. O coñecemento da filosofía vai, pois, da man do coñecemento da sociedade e da historia. Esta contextualización por períodos non vai en detrimento da unidade que percorre toda a historia da filosofía, pois ao tempo que cada autor é interlocutor do seu contexto, realiza tamén un diálogo con outros autores pasados e futuros que se enfrontaron a problemas similares e en relación cos cales manifesta a súa débeda ou a súa crítica. A obra escrita dos distintos filósofos cobra unha importancia fundamental, pois é a fonte para coñecer o seu pensamento e tamén para trazar a liña que relacione uns autores con outros.

O traballo con textos cobra, polo tanto, unha grande importancia nesta materia. A importancia dos textos, con todo, non debe desviarnos da finalidade prioritaria, que non

é un coñecemento exhaustivo dalgúns autores, senón un percorrido introdutorio e completo que vaia dos gregos ata os nosos días e que sirva ao alumnado, non só para coñecer formas de pensar presentes na historia polo seu valor intrínseco, senón tamén para avaliar a influencia destas na xestión do noso presente e para exercitar a reflexión crítica. A práctica da análise das opinións dos distintos autores en relación co seu contexto e comparándoos uns con outros fornece ao alumnado dun sentido crítico que lle permite, non só constatar a historicidade de certas crenzas e valores, senón tamén cuestionar ou fundamentar con criterio as crenzas e valores presentes na actualidade, tanto no seu contorno próximo coma nos medios de comunicación. A historia da filosofía pretende, deste modo, contribuír ao progreso na comprensión da realidade e na orientación da acción individual e colectiva.

B. OBXECTIVOS.

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.
6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.
8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
9. Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.

10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.

C. OS CONTIDOS E A SÚA SECUENCIACIÓN.

A selección de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais corresponde tanto á caracterización desta materia coma aos seus obxectivos xerais.

Os contidos conceptuais preséntanse divididos en DEZ unidades didácticas, que recollen os contidos mínimos do Decreto de referencia, agrupados en CATRO NÚCLEOS TEMÁTICOS. A selección de contidos terá en conta os seguintes eixes:

* A busca de información a partir de fontes diversas e integración desta seguindo criterios temáticos ou metodolóxicos.

*A análise e comentario de textos filosóficos, identificando as súas ideas e relacionándoas coa teoría da persoa autora.

* As exposicións orais e composicións escritas acerca do pensamento de distintas autorías, utilizando con propiedade o vocabulario técnico adquirido e incorporando as propias reflexións de xeito fundamentado.

* A participación en debates, expoñendo razoadamente o pensamento propio.

**** NÚCLEO TEMÁTICO I: FILOSOFÍA ANTIGA**

UNIDADE 1: Os comezos da filosofía: Sócrates e Platón.

- 1.1. Aparición e desenvolvemento da filosofía grega
- 1.2. Sócrates, mestre de Platón
- 1.3. Vida e obra de Platón
- 1.4. A teoría da realidade
- 1.5. A teoría do coñecemento
- 1.6. A antropoloxía
- 1.7. A ética e a política

UNIDADE 2: A filosofía aristotélica.

- 2.1. Contexto sociohistórico do pensamento de Aristóteles
- 2.2. Un novo enfoque filosófico fronte o platonismo
- 2.3. A teoría da natureza: o hilemorfismo e explicación do cambio
- 2.4. A antropoloxía aristotélica
- 2.5. A ética: a virtude e a felicidade
- 2.6. A política: orixe da sociedade e formas de goberno
- 2.7. As escolas helenísticas.

**** NÚCLEO TEMÁTICO II: FILOSOFÍA MEDIEVAL E RENACENTISTA.**

UNIDADE 3: A filosofía medieval e renacentista.

- 3.1. Contextualización do pensamento medieval e renacentista
- 3.2. O pensamento de Agostiño de Hipona
- 3.3. O pensamento de Tomé de Aquino:
 - O aristotelismo en Tomé de Aquino
 - A teoría do coñecemento: abstracción e realismo moderado.
 - O problema de razón e fe
 - A demostración da existencia de Deus: as cinco vías e a súa estrutura
 - A lei: lei eterna, lei natural e lei positiva
- 3.4. O pensamento renacentista.

**** NÚCLEO TEMÁTICO III: A FILOSOFÍA MODERNA**

UNIDADE 4: A filosofía moderna: o racionalismo.

- 4.1. Contextualización da filosofía moderna e racionalismo
- 4.2. Contexto do pensamento de Descartes
- 4.3. O problema do método e o proxecto cartesiano
- 4.4. A dúbida metódica e a primeira verdade: o cogito
- 4.5. A existencia de Deus e a veracidade divina
- 4.6. A teoría da substancia: substancia pensante e extensa
- 4.7. Antropoloxía e moral cartesiana
- 4.8. O tema da substancia nos outros pensadores racionalistas
- 4.9. A ética e a política nos outros pensadores racionalistas

UNIDADE 5. O empirismo.

- 5.1. Contexto sociohistórico do empirismo inglés
- 5.2. O empirismo fronte ao racionalismo
- 5.3. O pensamento de John Locke:
 - O coñecemento das ideas: orixe, tipos e límites; o problema da substancia
 - O coñecemento do eu, de Deus e das cousas externas
 - Locke e a teoría do contrato social. O liberalismo político
- 5.4. O pensamento de David Hume:
 - Os elementos do coñecemento e o fenomenismo
 - A crítica da causa en Hume
 - A negación da metafísica: crítica da idea de substancia (cousas, eu, Deus)
 - O emotivismo moral.

UNIDADE 6: A filosofía ilustrada: Kant.

- 6.1. Contexto do pensamento ilustrado
- 6.2. O idealismo transcendental de Kant
- 6.4. A crítica da razón como síntese de racionalismo e empirismo
- 6.4. A sensibilidade: espazo-tempo
- 6.5. O entendemento: as categorías
- 6.6. A razón: a metafísica
- 6.7. O formalismo moral.

**** NÚCLEO TEMÁTICO IV: FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA**

UNIDADE 7: A crítica do capitalismo: Marx.

- 7.1. Contexto sociohistórico do pensamento de Marx
- 7.2. A crítica ao idealismo e materialismo anterior: o concepto de alienación
- 7.3. O materialismo histórico
- 7.4. A crítica da economía política capitalista

UNIDADE 8: Nietzsche ou a crise da razón ilustrada.

- 8.1. Contexto sociohistórico, vida e obra do autor
- 8.2. A crítica dos valores da cultura occidental
- 8.3. O nihilismo e a vontade de poder
- 8.4. Na procura da edificación do reino do home
- 8.5. Valoración e repercusións do pensamento de Nietzsche

UNIDADE 9: As correntes filosóficas do século XX.

- 9.1. Contextualización das correntes filosóficas do século XX
- 9.2. O arranque da filosofía do século XX: o problema do fundamento das ciencias
- 9.3. A segunda resposta á crise: o neoempirismo
- 9.4. A filosofía despois da II Guerra Mundial.

UNIDADE 10: Filosofía española e filosofía galega no século XX.

- 10.1. Contextualización
- 10.2. A xeración do 98: Unamuno
- 10.3. O modernismo na filosofía española
- 10.4. A escola de Madrid: Ortega y Gasset
- 10.5. A filosofía española na posguerra: Zubiri, Zambrano
- 10.6. As últimas correntes na filosofía española
- 10.7. A filosofía galega no século XX

A **orde e a secuenciación** dos temas vén determinado pola súa complexidade e extensión e pola limitación do número de horas lectivas de cada trimestre. O tratamento temático previsto é o seguinte:

- Primeiro trimestre: núcleos temáticos I e II.
- Segundo trimestre: núcleo temático III.
- Terceiro trimestre: núcleo temático IV.

D. METODOLOXÍA DIDÁCTICA. MATERIAIS E RECURSOS.

Tal como se sinala no Decreto ao que aludimos con anterioridade as orientacións metodolóxicas propostas apuntan á potenciación e consolidación de certas competencias promovidas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polos profesores nesta materia deberán orientarse a:

- Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.
- Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información pertinente para os temas tratados.
- Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.
- Proponer a planificación e elaboración, por parte das alumnas e dos alumnos, de composicións escritas e de exposicións orais en relación cos temas tratados onde integren información procedente de distintas fontes.
- Propiciar o traballo en grupo para desenvolver investigacións, debates e outras tarefas en colaboración.
- Formular as diversas actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realizalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade.
- O **comentario de texto**, cos seus múltiples enfoques posibles, convértese así non só nun exercicio privilexiado para esta materia, senón nun contido procedemental básico. As sínteses conceptuais e o estudo do ámbito histórico e cultural deben complementar a lectura dos textos.
- Promoverase nos alumnos e nas alumnas a capacidade de determinar cales son as súas propias necesidades de información, tanto xeral coma específica e como satisfacelas acudindo a **obras de consulta**. O uso sistemático de **fontes bibliográficas** de información habituarao aos mecanismos básicos do traballo intelectual.
- Finalmente, o **exercicio da composición** fomentará a capacidade de determinar enfoques propios a temas tradicionais, xunto coa capacidade de establecer relacións e de argumentar, habilidades todas elas necesarias para acadar a madurez intelectual.
- Debido a especificidade do currículo de Historia da Filosofía, resultaranos doado abordar a maioría dos **temas transversais** propostos oficialmente. Case dende as mesmas orixes, o pensamento filosófico estableceu cuestións relativas á igualdade o desigualdade entre os seres humanos, a relación entre técnica e natureza, a busca da paz como ideal, etc. Trátase, pois de analizar esas ideas dende unha perspectiva crítica, aínda sendo conscientes das influencias sociais e históricas, que condicionaron algúns conceptos. Haberá que levar a cabo unha hermenéutica das ideas, pero non desde unha pretendida neutralidade científica, senón facendo resaltar as falacias, que tratan de xustificar discursos xenófobos, androcéntricos, etnocéntricos, absolutistas, etc. O

obxectivo final ao que se debe aspirar é o de facer ver ao alumnado o **carácter liberador da Historia da Filosofía en canto a prexuízos e ideas preconcebidas**. Deste xeito, os temas transversais quedarán insertos dentro do desenvolvemento e evolución das ideas filosóficas ao longo da historia do pensamento.

- As **actividades complementarias e extraescolares** iranse programando ao longo do curso segundo as dispoñibilidades económicas e de horario do departamento e do propio centro. Entre outras actividades poderían desenvolverse as seguintes: conferencias ou debates; asistencia a obras de teatro que aborden cuestións filosóficas; proxección de longametraxes e documentais, como punto de partida para provocar reflexións filosóficas; ou un concurso de ensaios breves sobre temática filosófica.

- O **Plan Lector** será tamén unha das guías do noso labor. Á parte da lectura dos textos “canónicos” dos autores, tamén recomendaremos a lectura dalgunha obra ou dalgúns capítulos ou fragmentos dos distintos autores tratados, tendo en conta o nivel de complexidade desas lecturas. Asemade marcamos outras distintas posibles lecturas, entre outras: "*El mundo de Sofía*" de J. Gaarder; "*Pericles el ateniense*" de R. Warner; "*Las nubes*" de Aristófanes; "*Juliano el apóstata*" de G. Vidal; "*Memorias de Adriano*" de M. Yourcenar; "*El nombre de la rosa*" de U. Eco; "*Cartas de Abelardo y Eloísa*"; "*Los hijos del Grial*" de Berling; .RIVERA, J. A.: "*Lo que Sócrates diría a Woody Allen*" de J. Rivera.

- Algún posible visionado de filmes: a) para a Antigüidade: "*Espartaco*" de S. Kubrick; "*Julio César*" de J. L. Mankiewicz; "*El banquete*" de M. Ferreri; "*La caída del Imperio Romano*" de A. Mann. O “mito da caverna” platónico pode ser ilustrado coa película de Peter Weir “*El show de Truman*”; b) para o Medievo: "*El nombre de la rosa*" de J.J. Annaud; "*El séptimo sello*" de I. Bergman, “La semilla del diablo” de Roman Polansky; c) para o Renacemento e a Ciencia Moderna: "*Galileo*" de L. Cavani; "*La armonía de los mundos*" da serie "Cosmos";- Para o problema soño-realidade na Modernidade : “*Desafío Total*” de Paul Verhoeven; “*Abre los ojos*” de Alejandro Amenábar, “*Blow up*” de Michelangelo Antonioni; d) para a Ilustración: "*La misión*" de R. Joffé; "*Las amistades peligrosas*" de S. Frears; "*El pequeño salvaje*" de Truffaut, “*El club de los poetas muertos*” de Peter Weir; e) para o século XX: para movementos sociais "*Las uvas de la ira*" de J. Ford; "*Novecento*" de B. Bertolucci; para Nietzsche "*Más allá del bien y del mal*" de L. Cavani, “*Conan el bárbaro*” de J. Millius, “La costa de los mosquitos” de P. Weir ; f) para a Escola de Frankfurt ("*Freud*" de J. Huston; "*Tiempos modernos*" de C. Chaplin).

En definitiva, dos materiais e recursos didácticos con que podemos contar para a consecución dos obxectivos propostos cabe destacar os seguintes:

* Información preparada polo profesor sobre os distintos contidos do programa que o alumnado terá que recoller en apuntes.

* Selección bibliográfica: textos de filosofía, artigos relacionados coa materia, libros, etc.

* Material audiovisual: películas, documentais, Internet, etc.

* Libro de texto como apoio e consulta para o traballo de comprensión dos contidos das distintas materias que impartimos. O libro de texto recomendado como libro de apoio e consulta é o seguinte texto: FIGUEROA, P. e outros: *Historia da filosofía* (2º bacharelato). Consorcio editorial galego, Vigo, 2009.

O profesorado do Departamento impartirá as clases, suxeitándose aos contidos, que acabamos de sinalar nos apartados anteriores. Cada unidade consta dos seguintes elementos:

- un cuestionario previo;
- unha selección de textos filosóficos;
- unha explicación teórica por parte do profesor; e
- exercitación da técnica de comentarios de texto.

Todos estes aspectos desenvolveranse cunha metodoloxía activa, que logre a participación de todo o alumnado.

E. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RECUPERACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Segundo o Decreto (126/2008) que regula as ensinanzas do Bacharelato LOE da Comunidade autónoma de Galicia débense ter en conta os seguintes criterios de avaliación:

1. *Ordenar e situar cronoloxicamente os períodos, problemas, autoras e autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes.* Con este criterio pretende avaliarse a capacidade do alumnado para situar historicamente os temas estudados, diferenciando de modo significativo cada período e constatando a influencia duns noutros para ter unha visión completa e unitaria da historia da filosofía e poder desenvolverse axilmente nas problemáticas que a percorren.

2. *Relacionar os problemas filosóficos estudados coas principais condicións socioculturais en que aparecen e a que pretenderon dar resposta.* Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para situar as cuestións filosóficas estudadas no seu marco histórico distinguindo o saber filosófico doutras manifestacións culturais que aparecen no mesmo contexto e analizando a relación existente entre as formulacións filosóficas e os problemas e necesidades da sociedade do seu tempo.

3. *Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de forma completa, clara e coherente.* Este criterio pretende comprobar o grao de comprensión, de modo significativo, do pensamento dun autor ou período da historia da filosofía, e a capacidade de articular os seus conceptos de forma argumentada, unitaria e non fragmentaria.

4. *Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e máis explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente.* Este criterio trata de avaliar a capacidade de comprensión dos textos filosóficos mediante a identificación do problema que abordan, a explicitación das súas ideas, a explicación dos conceptos e termos específicos utilizados e os argumentos que se empregan para demostrar e xustificar as súas teses.

5. *Comentar criticamente textos filosóficos, identificando os seus supostos implícitos, a consistencia dos seus argumentos e a vixencia das súas achegas na actualidade.* Máis alá da comprensión precisa dun texto, este criterio trata de valorar o desenvolvemento do espírito crítico do alumnado, amosado na capacidade de desvelar os supostos e intereses subxacentes aos textos, comparalos con outros argumentos posibles, nomeadamente con outros de diferente autoría- e manifestar de forma razoada o seu acordo ou desacordo coas opinións do autor, especialmente no referido a aquelas conceptualizacións de carácter excluínte e discriminatorio, en especial ao androcentrismo.

6. *Elaborar pequenos traballos (buscas de información, recensións de lecturas, exposicións orais ou composicións escritas) sobre algún autor ou autora ou algún aspecto transversal a varios autores ou autoras con pautas metodolóxicas establecidas.* Trátase con este criterio de avaliar a capacidade de esforzo do alumnado, así como o seu progreso na autoorganización da aprendizaxe, formulando pequenas metas de investigación e percorrendo o camiño para acadalas seguindo pautas establecidas de antemán. Tamén se avalía con este criterio a capacidade de integrar información diversa nunha síntese reflexiva.

7. *Participar en debates sobre algún tema filosófico de actualidade relacionado con contidos da materia, realizando escoita activa e exposición razoada e respectuosa.* Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para asimilar os contidos da materia e relacionalos con problemas de actualidade, de expoñer a súa opinión razoadamente e respectar outras opinións facendo as eventuais críticas a estas de modo fundamentado.

8. *Utilizar comprensivamente un vocabulario técnico específico en todas as actividades realizadas.* Con este criterio búscase avaliar o grao de incorporación significativa do vocabulario filosófico introducido en cada período, autoras e autores, e comprobar o nivel de pertinencia, exactitude e rigor no seu uso, tanto oral coma escrito.

O modelo de proba escrita e os criterios de cualificación seguirán as indicacións do 11 de setembro de 2009, suxeridas pola coordinación do grupo de traballo da Historia

da filosofía para as PAAU. Dese xeito, o alumno ou alumna deberá realizar unha *composición de tipo filosófico*, en base ao texto proposto, sobre o tema enunciado e responder a unha cuestión teórica. Así pois a proba constará dun texto relacionado con algún contido dos autores indicados –podendo asemade presentar dúas preguntas de comprensión sobre ese texto- e dunha *cuestión teórica* sobre outro aspecto das unidades didácticas obxecto de exame.

Criterios de cualificación.

O alumnado, mediante a composición, mostrará a comprensión do texto, explicará o contexto histórico-filosófico do autor e da temática do texto e desenvolverá a temática do autor ao que pertence o texto, conectando esa cuestión coas liñas fundamentais do pensamento do autor, ofrecendo así unha panorámica sistemática do autor e dunha mínima análise diacrónica do problema tratado. Desde estes puntos de vista, valorarase a contextualización histórico-filosófica do autor e da temática a tratar ata un máximo de 3 puntos; e a comprensión e explicación do texto, así como o desenvolvemento da temática do autor do texto ata un máximo de 4 puntos. A resposta á cuestión teórica valorarase cun máximo de 3 puntos.

Valorarase ademais non só a mera repetición memorística de contidos á hora da cualificación do exame. Terase en moita consideración a precisión e a claridade de exposición, así como a madurez persoal na mesma: orixinalidade e capacidade crítica, rigor conceptual, coherencia expositiva.

Asemade –tal como se apunta tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos principios que guían a metodoloxía didáctica- a nota da avaliación non só dependerá da cualificación do exame. Teranse en conta os aspectos que poidan contribuír a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental: participación activa na clase; exposicións dalgún aspecto das distintas unidades; comentarios de texto; lecturas de obras filosóficas, etc. Estas actividades e actitudes poderán modificar a mera cualificación do exame ata nun 30%, valorándose positivamente ata un máximo de 1 punto e negativamente ata un máximo de 1 punto cando se amose unha actitude diletante e mesmo ata de 2 puntos se houbese unha clara actitude de entorpecemento da marcha normal da clase.

Por último, faise constar nesta programación a seguinte consideración: cando o profesor ou profesora da materia teña dúbidas razoables acerca da licitude dos medios polos que un alumno ou alumna obtén unha determinada cualificación nun exame poderá exixirlle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia obxecto do exame.

O **sistema de recuperación** constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para os exames ordinarios. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

II.2. FILOSOFÍA DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA.

A. OBXECTIVOS.

1. Distinguir entre ciencia e tecnoloxía, comprendendo a súas interrelacións e as súas interdependencias teóricas e prácticas co marco histórico no que se formulan.
2. Comprender o significado e o valor da reflexión filosófica sobre a ciencia e a tecnoloxía, adoptando unha actitude crítica e reflexiva.
3. Analizar, contrastar e interpretar informacións diversas sobre os problemas epistemolóxicos e ético-políticos que presentan a ciencia e a tecnoloxía, realizando actividades de documentación e indagación e incorporando á propia expresión o correspondente vocabulario específico.
4. Analizar, desde unha perspectiva interdisciplinar e integradora, qué se entende por coñecemento e por método científicos.
5. Coñecer e relacionar, fundamentalmente a través da lectura e a análise de textos, as principais teorizacións da filosofía da ciencia actual sobre a fundamentación, valor de verdade, estrutura e dinámica do coñecemento científico.
6. Distinguir entre o discurso tecnocientífico e o discurso ético-político; analizando e avaliando desde o punto de vista ético e político os fundamentos, posibilidades e límites do coñecemento científico e tecnolóxico e as repercusións na natureza e na sociedade.
7. Adoptar unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais mediante investigacións e conclusións que se presentan como científicas.
8. Valorar os intentos por construír unha sociedade mundial baseada no respecto ós dereitos humanos individuais e colectivos e na que o uso da ciencia e a tecnoloxía se oriente cara á convivencia pacífica e á defensa da natureza.

B. CONTIDOS.

1. Definición da ciencia: a súa demarcación. Explicación, comprensión e predicción.
2. Métodos e clasificación das ciencias. As teorías científicas.
3. A epistemoloxía como metateoría da ciencia.
4. O problema da racionalidade: racionalismo versus relativismo.
5. O debate sobre o valor de verdade: realismo versus instrumentalismo.
6. Os mitos da ciencia.

7. Relación e diferenza entre ciencia, técnica e tecnoloxía.
8. As distintas concepcións da ciencia e da tecnoloxía ao longo da historia.
9. Tecnociencia e sociedade: o impacto ambiental e social do desenvolvemento tecnocientífico e a idea de progreso.
10. Ética, política e tecnociencia: o control social e democrático dos usos e fins da tecnociencia.

C. METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

- Lectura e comentario de textos de historia e filosofía da ciencia.
- Análise a partir de exemplos familiares tratados en textos doutras materias e elaboración de sínteses de comparación escritas e orais.
- Lectura dunha obra accesible de historia ou filosofía da ciencia. Como posibles lecturas, entre outras sinalamos: BRECHT, Bertolt: *Vida de Galileo*; CHALMERS, Alan F.: *¿Qué es esa cosa llamada ciencia?*; HAWKING, Stephen W.: *Historia del tiempo (Del Big Bang a los agujeros negros)*; MERINO, José Antonio: *Ciencia, filosofía y existencia*; POSTMAN, Neil: *Tecnópolis. La rendición de la cultura a la tecnología*; SÁDABA, Javier e VELÁQUEZ, J. Luis: *Hombres a la carta. Los dilemas de la bioética*; SOLSONA, Nuria: *Mujeres científicas de todos los tiempos*.
- Establecemento de relacións entre feitos relevantes da historia da ciencia e as condicións económicas, sociais, políticas e culturais que os enmarcan, utilizando fontes bibliográficas e de consulta.
- Lectura, análise e discusión de textos de divulgación nos que se fale das implicacións sociais e medioambientais do desenvolvemento científico e tecnolóxico, e dos criterios éticos e políticos que se lle poden ou deben aplicar.
- Visionado de algunha película (*Contact*, *Blade Runner*), documentais (*Cosmos* de Carl Sagan), e de algúns vídeos didácticos expostos en *You Tube*.
- Planificación e execución, a partir de diferentes fontes de información dun pequeno traballo de investigación, presentado ante os compañeiros en soporte informático a partir das propias inquedanzas e intereses dos alumnos e alumnas sobre algún aspecto do currículo.
- Presentación de **dúas disertacións filosóficas** acerca da temática obxecto da materia. Entre outros, propoñemos: a) *¿É posible alcanzar a verdade de xeito absoluto e total?*; b) *¿Como alcanzar a felicidade? ¿Axudaranos a ciencia?*; c) *¿Qué o ser humano? Humanos, animais, persoas ou robots*; d) *¿Avanza a humanidade cara ao mellor? Virtudes e defectos da nosa sociedade*.

- Uso das TIC, recollendo información nas distintas webs sobre a temática do currículo e mesmo tentando desenvolver un *blog* que sirva de foro de encontro entre os participantes deste curso e un modo de exposición das nosas actividades.
- Nalgúns casos, recorreremos a materiais en distintos idiomas (galego, castelán, inglés, portugués, francés, italiano) para recoñecer –anque sexa en mínima medida- a riqueza plurilingüística de Europa.

D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RECUPERACIÓN E CUALIFICACIÓN.

1. Capacidade para recoller información procedente de diversas áreas do saber, realizando exercicios de análises e de sínteses integradoras.
2. Participación en debates sobre cuestións de actualidade usando un vocabulario apropiado e argumentos pertinentes e amosando unha actitude reflexiva.
3. Actitude de curiosidade pola diversidade das disciplinas científicas e tecnolóxicas e interese pola comprensión da mesma.
4. Interese polas diversas dimensións e interpretacións que poden ter os conceptos de verdade e racionalidade científica e pola perspectiva histórica como forma de acceso ós problemas da filosofía da ciencia.
5. Interese por coñecer e valorar os proxectos sociais, lexislativos e políticos dos autores e organizacións e institucións que denuncian as aplicacións nocivas da ciencia e da tecnoloxía e promoven a resituación do home contemporáneo no seu entorno natural e sociocultural.
6. Valoración das aportacións que a ciencia e a tecnoloxía fan á humanidade e toma de conciencia crítica ante as actividades tecnocientíficas que atentan contra o medio ambiente e/ou contra a humanidade.
7. Actitude crítica fronte ás explicacións pseudocientíficas e ante os métodos propostos como xerativos e avaliados do coñecemento científico.

En calquera caso, a avaliación consistirá en analizar a destreza no manexo da información e dos conceptos básicos de cada unidade, a capacidade de relación dos principais contidos do curso (e a súa relación con outros de asignaturas afíns e, sobre todo, outras impartidas por este Departamento de Filosofía). Isto poderase comprobar por catro medios: a. Comentarios de texto. b. Probas obxectivas. c. Diálogo e traballos na aula. D. Participación activa na aula.

Criterios de cualificación.

Valorarase ademais non só a mera reprodución memorística de contidos á hora da cualificación do exame. Terase en moita consideración a precisión e a claridade de exposición, así como a madurez persoal na mesma: orixinalidade e capacidade crítica, rigor conceptual, coherencia expositiva.

Asemade –tal como se apunta tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos principios que guían a metodoloxía didáctica- a nota da avaliación non só dependerá da cualificación do exame. Teranse en conta os aspectos que poidan contribuír a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental: participación activa na clase; exposicións dalgún aspecto das distintas unidades; comentarios de texto; lecturas de obras filosóficas, etc.

Estas actividades e actitudes poderán modificar a mera cualificación do exame ata nun 30%, valorándose positivamente ata un máximo de 1 punto e negativamente ata un máximo de 1 punto cando se amose unha actitude diletante e mesmo ata de 2 puntos se houbese unha clara actitude de entorpecemento da marcha normal da clase.

Por último, faise constar nesta programación a seguinte consideración: cando o profesor ou profesora da materia teña dúbidas razoables acerca da licitude dos medios polos que un alumno ou alumna obtén unha determinada cualificación nun exame poderá exixirle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia obxecto do exame.

O **sistema de recuperación** constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para os exames ordinarios. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

II.3. ÉTICA E FILOSOFÍA DO DEREITO.

A. OBXECTIVOS XERAIS.

1. Analizar, contrastar e interpretar informacións diversas sobre os diferentes aspectos das conductas e códigos morais e da súa teorización ética, realizando actividades de documentación e de indagación, e incorporando á expresión persoal, tanto oral coma escrita, o correspondente vocabulario específico.
2. Comprender as raíces da estrutura moral do ser humano e a xénese histórico-cultural dos códigos morais, analizando criticamente as súas diferentes formas de lexitimación e de reprodución.
3. Caracterizar e avaliar os diferentes tipos e niveis de conciencia moral valorando especialmente aquelas modalidades que comportan o desenvolvemento dunha racionalidade crítica e autónoma.
4. Analizar a funcionalidade dos códigos morais e as frecuentes pretensións etnocéntricas dos mesmos así como o grao de conciencia de dita funcionalidade, tendo en conta a posibilidade dunha dobre perspectiva de interpretación, interna e acrítica ou externa e *crítica émic / étic*, en termos de antropoloxía cultural).

5. Desenvolver formas de racionalidade dialóxica adoptando as actitudes de empatía, respecto e tolerancia que as fan posibles.
6. Coñecer, fundamentalmente a través da análise de textos, as diferentes interpretacións que do ben moral fan as diversas teorías éticas e apreciar as súas propostas como aportacións valiosas para o desenvolvemento moral tanto persoal como da sociedade contemporánea.
7. Analizar e comprender as relacións entre moral e dereito dende a perspectiva da xustiza, como ideal de imparcialidade e valorar as posturas de desobediencia civil lexítima, fronte a outros tipos de desobediencia ó dereito, como manifestacións e esixencias de actitudes morais críticas e orientadas a promover un ordenamento legal máis xusto.
8. Comprender e valorar o significado e alcance da formulación e da proclamación moderna dos dereitos humanos e a problemática da súa implantación práctica, adoptando actitudes de solidariedade e de compromiso consecuentes.
9. Comprender que a dignidade humana ten a súa base na liberdade e autonomía moral do individuo, asumindo, en consecuencia, a primacía da función práctica ou moral da razón como guía última de todo esforzo de emancipación, tanto individual como colectiva.

B. CONTIDOS.

UNIDADE 1: Da natureza á convención.

- 1.1. Déficit instintivo, liberdade e socialidade.
- 1.2. Construcción cultural de valores e normas morais.
- 1.3. Procesos de socialización e reprodución de normas e valores morais.
- 1.4. Códigos morais e reflexión ética.

UNIDADE 2: Relativismo e moralidade.

- 2.1. Relatividade histórico-cultural das normas e valores morais.
- 2.2. A dobre perspectiva: etic/emic.
- 2.3. Lexitimación e variantes da mesma: relixiosa, naturalista, contractual.
- 2.4. O problema do etnocentrismo.

UNIDADE 3: A racionalidade moral.

- 3.1. Conflictos de valores.
- 3.2. Enunciados descritivos e valorativos. *A falacia naturalista.*
- 3.3. Limitacións e insuficiencias da racionalidade científico-técnica.

UNIDADE 4: Da heteronomía á autonomía moral.

- 4.1. Xénese e desenvolvemento da conciencia moral.
- 4.2. Estadios de desenvolvemento moral: da heteronomía á autonomía.
- 4.3. Evolución da capacidade de integración social e afectiva.
- 4.4. Evolución do razoamento moral: universalismo e formalismo.

UNIDADE 5: Racionalidade moral e intersubxectividade.

- 5.1. As limitacións da razón: falibilidade e factores de distorsión.
- 5.2. Do formalismo ó procedementalismo.
- 5.3. O diálogo argumentativo como procedemento moral.
- 5.4. As condicións ideais de diálogo como canon regulativo para a contextualización da racionalidade moral.

UNIDADE 6: As definicións do ben moral. a ética antiga e medieval.

- 6.1. A diversidade de teorías éticas: criterios de análise e clasificación.
- 6.2. O ben moral e o ideal de felicidade nas éticas antigas e medievais.

UNIDADE 7: As definicións do ben moral: a ética moderna e contemporánea.

- 7.1. O ben moral na ética moderna e a crise da razón ilustrada.
- 7.2. A reconstrucción da racionalidade moral e dos ideais da Modernidade.
- 7.3. Deontoloxismo e teleoloxismo na ética actual.

UNIDADE 8: Moral e Dereito.

- 8.1. A insuficiencia da racionalidade moral: a noción de dereito.
- 8.2. Lexitimacións históricas do dereito.
- 8.3. Positivismo xurídico vs. iusnaturalismo.
- 8.4. Dereito e xustiza: validez xurídica e lexitimidade ética.

UNIDADE 9: Dereito e democracia.

- 9.1. O Estado democrático de Dereito e os seus fundamentos éticos.
- 9.2. A democracia como ideal moral.
- 9.3. A democracia como ordenamento político: *isonomía e isegoría*.
- 9.4. Diferentes teorizacións da democracia.

UNIDADE 10: Dereito e desobediencia.

- 10.1. O problema da obrigatoriedade moral do dereito nas sociedades non democráticas.
- 10.2. O problema da desobediencia civil ó dereito nas sociedades democráticas: a obxección de conciencia e as súas modalidades.
- 10.3. Ética da responsabilidade e ética da convicción.

UNIDADE 11: Do estado democrático de dereito á internacionalización dos dereitos humanos.

- 11.1. Noción e fundamento dos dereitos humanos.
- 11.2. A constitucionalización dos dereitos humanos-. proceso histórico.
- 11.3. A internacionalización dos dereitos humanos: Declaración Universal e pactos posteriores.
- 11.4. Presente e futuro dos dereitos humanos.

C. RECURSOS E METODOLOXÍA.

- Presentación de textos con cuestións que conecten a temática da asignatura con algúns dos problemas que preocupen ó alumno, a través da lectura de artigos de prensa, redaccións dos compañeiros, etc.
- Comentarios de texto: resumíndoos, esquematizándoos, opinando criticamente, respondendo a cuestións.
- Realizar mapas conceptuais ó remate de cada unidade didáctica.
- Vídeo-fórum. Algunhas propostas: "*Esta tierra es mía*" de J. Renoir (dereitos humanos); "*Hormigaz*" (dialéctica individuo-sociedade); "*Los dioses deben de estar*

locos” ou “*La selva esmeralda*” (relativismo cultural e etnocentrismo); “*Gandhi*” (desobediencia civil); “*Senderos de gloria*” (moral e dereito), “*Al cruzar el límite*” (definición do ben moral, ética kantiana, ética da responsabilidade) etc.

- Realización de traballos, individuais ou en grupo, sobre temas de interese dos alumnos relacionados coa temática do programa.

- Elaboración dun “diccionario de sentimentos” pezas fundamentais á hora de construír unha teoría ética.

- Lectura, ó longo do curso, dos libros de Fernando Savater “*Política para Amador*” e “*Ética para Amador*” Levarase un seguimento continuado da lectura dedicando varias sesións académicas á discusión das cuestións abordadas neles e realizando controis de lectura.

D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RECUPERACIÓN E CUALIFICACIÓN.

1. Manexar e analizar información, procedente fundamentalmente da Etoloxía, da Antropoloxía e da Psicoloxía, referida ás conductas animais e humanas, establecendo analogías e contrastes, para caracterizar a especificidade da conducta moral humana e a estrutura psico-social da mesma.

2. Manexar e analizar información, procedente fundamentalmente da Socioloxía e da Antropoloxía cultural, referida ás producións morais humanas (normas e valores), poñendo de relevo aqueles aspectos que teñen relación cos contextos históricos e culturais nos que xorden e operan, para comprobar a capacidade dos alumnos e das alumnas para descubrir e recoñecer o carácter histórico-cultural dos códigos morais, para reconstruír os procesos de reprodución e transmisión dos mesmos así como para diferenciar e analizar os seus diversos planos.

3. Participar en debates e discusións especificamente morais (preferentemente centrados en problemáticas do mundo actual), para verificar a capacidade dos alumnos e das alumnas para adoptar perspectivas empáticas, e de respecto e tolerancia fronte a outros puntos de vista ou ideoloxías diferentes, así como a capacidade para argumentar racional e ordenadamente.

4. Analizar textos filosóficos pertencentes ás principais teorías éticas, así como calquera outros que presenten un claro contido moral (literarios, cinematográficos, etc.) caracterizando as súas diferentes interpretacións do ben moral, así como os postulados filosóficos e as circunstancias históricas que subxacen nos mesmos, para comprobar a capacidade dos alumnos e das alumnas para identificar, e expresar con precisión conceptual e terminolóxica, non só os trazos básicos das diferentes teorías éticas filosóficas e a súa dependencia das circunstancias históricas nas que se elaboraron,

senón tamén as diversas interpretacións que do ben moral existen no seo da sociedade actual, reflectidas na literatura, no cine, etc.

5. Analizar casos reais e hipotéticos de dilemas e conflitos entre moralidade e legalidade subliñando e caracterizando os supostos teóricos a que remiten as diversas argumentacións, para comprobar a capacidade dos alumnos e das alumnas para comprender e caracterizar con precisión a noción de dereito e a súa conexión cos principios básicos da moralidade así como o carácter específico da lexitimidade democrática fronte a outras modalidades de lexitimación.

6. Seleccionar e integrar información procedente de diversas fontes en relación coa problemática dos dereitos humanos, para coñecer a capacidade do alumno para seleccionar e integrar fontes de información diferentes, así como a capacidade de transferencia de conceptos desenvolvidos ó longo do proceso de aprendizaxe, a situacións e acontecementos relevantes da actualidade (discriminación, tortura, terrorismo, ausencia de liberdades, etc.), como tamén o grao de sensibilidade do alumnado en relación cos citados problemas.

7. Analizar datos e problemáticas orixinadas polo uso en exclusiva dun modelo de racionalidade puramente tecnolóxica e instrumental (desastres ecolóxicos, derivación bélica da tecnoloxía, etc.), para verificar a capacidade do alumno para valorar criticamente as diversas funcións e usos da razón, así como a capacidade para transferir os conceptos e os principios éticos desenvolvidos ó longo do proceso de aprendizaxe a situacións concretas reais.

Criterios de cualificación.

En calquera caso, a avaliación consistirá en analizar a destreza no manexo da información e dos conceptos básicos de cada unidade, a capacidade de relación dos principais contidos do curso (e a súa relación con outros de asignaturas afíns e, sobre todo, outras impartidas por este Departamento de Filosofía). Isto poderase comprobar por catro medios: a. Comentarios de texto. b. Probas obxectivas. c. Diálogo e traballos na aula. D. Participación activa na aula.

Valorarase ademais non só a mera reprodución memorística de contidos á hora da cualificación do exame. Terase en moita consideración a precisión e a claridade de exposición, así como a madurez persoal na mesma: orixinalidade e capacidade crítica, rigor conceptual, coherencia expositiva.

Asemade –tal como se apunta tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos principios que guían a metodoloxía didáctica- a nota da avaliación non só dependerá da cualificación do exame. Teranse en conta os aspectos que poidan contribuír a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental: participación activa na clase; exposicións dalgún aspecto das distintas unidades; comentarios de texto; lecturas de obras filosóficas, etc.

Estas actividades e actitudes poderán modificar a mera cualificación do exame ata nun 30%, valorándose positivamente ata un máximo de 1 punto e negativamente ata un máximo de 1 punto cando se amose unha actitude diletante e mesmo ata de 2 puntos se houberse unha clara actitude de entorpecemento da marcha normal da clase.

Por último, faise constar nesta programación a seguinte consideración: cando o profesor ou profesora da materia teña dúbidas razoables acerca da licitude dos medios polos que un alumno ou alumna obtén unha determinada cualificación nun exame poderá exixirlle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia obxecto do exame.

O **sistema de recuperación** constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para os exames ordinarios. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

II.4. FILOSOFÍA E CIDADANÍA.

A. OBXECTIVOS XERAIS.

1. Identificar e apreciar o sentido dos problemas filosóficos e empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos.
2. Adoptar unha actitude crítica e reflexiva ante las cuestiones teóricas y prácticas.
3. Argumentar de modo coherente e contrastado o propio pensamento.
4. Practicar e valorar o diálogo filosófico como proceso de busca racional da verdade.
5. Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna como no seu contexto histórico.
6. Utilizar procedementos básicos para o traballo intelectual autónomo.
7. Adoptar unha actitude de respecto das diferenzas e crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación.
8. Valorar a capacidade normativa e transformadora da razón para construír unha sociedade máis xusta.
9. Valorar os intentos por construír unha sociedade mundial baseada no cumprimento dos dereitos humanos, na convivencia pacífica e na defensa da natureza.
10. Consolidar a competencia social e cidadá fundamentando teoricamente o seu sentido, valor e necesidade para exercer unha cidadanía democrática.

B. CONTIDOS.

1. O saber filosófico fronte a outros saberes. A súa especificidade e función.
2. As preguntas fundamentais da filosofía.
3. A filosofía como racionalidade teórica e como racionalidade práctica.
4. A dimensión biolóxica e socio-cultural do ser humano.
5. A relación lingüística e simbólica do ser humano co mundo.
6. As concepcións filosóficas do ser humano.
7. Os fundamentos antropolóxicos da acción moral.
8. As teorías éticas ante a sociedade actual.
9. O Estado democrático e a cidadanía global: os Dereitos Humanos.

C. METODOLOXÍA, RECURSOS E MATERIAIS.

- Elaboración de resúmenes, esquemas, sínteses, cuadros comparativos e mapas conceptuais a partir de textos de diversa índole.
- Lectura, análise e resúmen-comentario dalgunha obra filosófica; así como de textos especificamente filosóficos, pero tamén de outra índole máis xenérica, recollidos de diversos ámbitos e que reflexionen acerca da realidade natural, social, cultural, política ou estrictamente humana. Entre outras propoñemos: GAARDER, Jostein: *El mundo de Sofía*; OTERO PEDRAYO, R.: *Ensaio histórico sobre a cultura galega*; MARINA, José Antonio: *Dictamen sobre Dios*; DAVIS, Flora: *La comunicación no verbal*; SOLSONA, Nuria: *Mujeres científicas de todos los tiempos*; BEN-AMI-SCHARFSSTEIN: *Los filósofos y sus vidas*; WEISCHENDEL, Wilhelm: *Los filósofos entre bambalinas*; GRIMALTOS, T. *El juego de pensar*; SCHWART, A.: *El botiquín filosófico*; STIGLITZ, J.: *¿Cómo hacer que la globalización funcione*; GÓMEZ PIN, V.: *Entre lobos y autómatas*; COHEN, M.: *101 problemas de filosofía*. Outras obras de Marvin Harris, de Marcial Gondar, de Xosé Ramón Mariño Ferro, de Fernando Savater, de Erich Fromm, de Juan Luis Arsuaga, de Javier Sádaba, de Tomás Moro, Platón, Aristóteles, Descartes, Hume, ... das suxeridas no *Taller de Filosofía* do libro de texto,...
- Planificación e execución, a partir de diferentes fontes de información (bibliográficas e informáticas) dun pequeno traballo de investigación acerca dos problemas tratados, valorándose a súa presentación en soporte informático.
- Elaboración, presentación dalgunha opinión persoal a partir dun listado de temas (fundamentada na debida recompilación de textos e autores e exposta segundo as pautas propias dunha disertación filosófica). Esta actividade terá a súa continuación na defensa persoal das disertacións a través de debates na clase. Entre outros, servirían estes como

exemplo: *Utilidade de pensar; ¿É posible alcanzar a verdade de xeito absoluto e total?; ¿Como alcanzar a felicidade? ¿Axudaranos a ciencia?; ¿Qué o ser humano? Humanos, animais, persoas ou robots; ¿Cal debe ser a nosa guía de conducta: a razón ou os sentimentos?; ¿Avanza a humanidade cara ao mellor? Virtudes e defectos da nosa sociedade; ¿Ser ou ter? ¿Cal é o sentido da nosa vida?; Importancia da beleza e a arte nas nosas vidas... A propósito, onde está, que é a beleza?; Os dereitos dos animais: O Proxecto Gran Simio; Vantaxes e perigos do pensamento utópico; A necesidade duns valores éticos universais; En defensa dos nosos dereitos...(sociais, individuais, políticos,...); ...*

- Visionado e comentario dalgunha película ou documental.
- Algunhas consideracións máis: débese procurar que os alumnos e alumnas
 - a) engarcen a filosofía coas súas inquiredanzas persoais e co seu entorno social;
 - b) amplíen o mundo en que viven de modo que se integren nel non sómentes as realidades cotiás senón tamén nos problemas e na historia do conxunto da sociedade na que viven;
 - c) se poñan en situación de considerar como cousa propia a cultura filosófica herdada e as cuestións ás que se abren no presente;
 - d) escriban algo polo menos unha vez á semana; lendo e pondo en común e a debate -despois da exposición do profesor- a redacción de breves pero argumentadas composicións persoais;
 - e) escoiten con paciencia aos demais, se poñan no lugar do outro e sexan quen de condesar o escoitado;
 - f) traten de fundar as posturas que menos entenden e menos comparten.
 - g) perciban a través da lectura de xornais que os problemas da filosofía non son simples temas académicos ou históricos;
 - h) establezan as debidas relacións cronolóxicas dalgúns feitos relevantes da historia da sociedade, da política, da cultura, da filosofía ou da ciencia;
 - i) en calquera caso, recorden que a admiración é o paso primeiro obrigatorio para entrar na filosofía, e a través dela, no conxunto da verdadeira vida intelectual, responsable e solidaria.

Como libro de texto, *Filosofía e Cidadanía* de McGraw-Hill de Moisés Lozano e outros. Asemade outras fontes de información: dicionarios, historias, textos clásicos - como lecturas propedéuticas para o curso seguinte-, páxinas web, ...

D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RECUPERACIÓN E CUALIFICACIÓN.

1. Aprender a seguir os pasos dunha argumentación e a construír argumentos tanto en apoio dunha tese como da contraria; distinguindo os argumentos válidos dos falaces.

2. Aprender a ler en profundidade un texto, de modo que se sexa capaz de distinguir con precisión qué se sostén nel e con qué argumentos.
3. Aprender a imaxinar alternativas e razoamentos cos que criticar e fundamentar de modos novos as posicións de outros e as propias.
4. Ser capaz de expresarse por oral e por escrito con precisión e con coherencia.
5. Aprender o manexo correcto das fontes bibliográficas (cómo se cita un libro, donde hai que empezar a buscar información).
6. Habitarse a non tratar os problemas filosóficos con espírito de avogado da propia tese, senón estar moi ben disposto a ser refutado.
7. Habitarse a ser sensible ós matices dos problemas e a buscar na propia experiencia os exemplos que os acercan a todos.
8. Educarse na admiración filosófica e fuxir das respostas que veñen dadas polo entorno e un mesmo non pensara.
9. Reflexionar criticamente sobre o alcance dos coñecementos das disciplinas non filosóficas.
10. Abrir o campo da comprensión, tolerancia e empatía aos distintos modos da existencia humana.
11. Adquirir conciencia histórica, de maneira que se saiba discernir a evolución e a madurez tanto dos problemas como das respostas.
12. Fomentar o recoñecemento da liberdade persoal e o sentido da responsabilidade, sobre todo no que se refire ás opinións que se aceptan.
13. Valorar a necesidade da sociedade, esencial a todo ser humano.
14. Estimar a vida política democrática e aprender a cultivala racionalmente.
15. Sensibilizarse respecto da inxustiza e as múltiples formas do mal na historia.

En calquera caso, a avaliación consistirá en analizar a destreza no manexo da información e dos conceptos básicos de cada unidade, a capacidade de relación dos principais contidos do curso. Isto poderase comprobar por catro medios: a. Comentarios de texto. b. Probas obxectivas. c. Diálogo e traballos na aula. D. Participación activa na aula e nas actividades propostas.

Os criterios de cualificación.

Valorarase ademais non só a mera exposición de contidos á hora da cualificación do exame. Terase en moita consideración a precisión e a claridade de exposición, así como a madurez persoal na mesma: orixinalidade e capacidade crítica, rigor conceptual, coherencia expositiva.

Asemade –tal como se apunta tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos principios que guían a metodoloxía didáctica- a nota da avaliación non só dependerá da cualificación do exame. Teranse en conta os aspectos que poidan contribuír a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental: participación activa na clase; exposicións dalgún aspecto das distintas unidades; comentarios de texto; lecturas de obras filosóficas, etc.

Estas actividades e actitudes poderán modificar a mera cualificación do exame ata nun 30%, valorándose positivamente ata un máximo de 1 punto e negativamente ata un máximo de 1 punto cando se amose unha actitude diletante e mesmo ata de 2 puntos se houberse unha clara actitude de entorpecemento da marcha normal da clase.

Por último, faise constar nesta programación a seguinte consideración: cando o profesor ou profesora da materia teña dúbidas razoables acerca da licitude dos medios polos que un alumno ou alumna obtén unha determinada cualificación nun exame poderá exixirle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia obxecto do exame.

O **sistema de recuperación** constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para os exames ordinarios. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

II.5. ANTROPOLOXÍA.

A. OBXECTIVOS.

1. Adquirir unha visión científica e filosófica do ser humano, atendendo ás súas dimensións biolóxica, cultural e simbólica.
2. Coñecer, comprender e asumir as diferenzas e valorar a súa importancia para a supervivencia da especie nun mundo cada vez máis intercomunicado.
3. Adoptar, fronte ao feito da diversidade cultural e biolóxica, unha perspectiva integradora, que supere o etnocentrismo e o relativismo.
4. Adquirir unha comprensión global do humano, a partir das achegas dos distintos campos da antropoloxía e das outras ciencias.

5. Valorar as achegas desde variadas perspectivas para realizar a conexión e a interpretación crítica dos diferentes materiais antropolóxicos.
6. Coñecer a especificidade dos estudos antropolóxicos, familiarizarse cos seus métodos de traballo específicos e aplicalos ao estudo do contorno próximo, a fin de mellorar o coñecemento e valorar o patrimonio cultural de Galicia.
7. Transferir os coñecementos adquiridos á análise do mundo actual co fin de comprender as súas causas e implicarse activamente nas súas solucións.

B. CONTIDOS.

1. Características, obxecto e método e ramas dos estudos antropolóxicos.
2. Relación da antropoloxía con outras ciencias humanas.
3. Fundamento biolóxico da cultura. O proceso de hominización.
4. A teoría da unidade da especie humana no evolucionismo.
5. Raza, cultura, herdanza e medio. Natureza, cultura e sociedade.
6. Interiorización de valores e patróns culturais e o cambio cultural.
7. A alteridade e a unidade cultural: a racionalidade e as lóxicas culturais.
8. A cultura como orde simbólica. Símbolos e comunicación.
9. Linguaxe e cultura. Comunidades lingüísticas. Linguaxe e poder.
10. A arte e as súas implicacións socioculturais. Mito, rito, maxia e relixión.
11. O saber e a educación. Espazo e parentesco. A pertenza a un contexto social.
12. Conflito e orde. Manexo do conflito. A base das institucións legais. As sociedades pre-estatais. A política no Estado. A desigualdade.
13. Os efectos do colonialismo sobre as sociedades primitivas. Descolonización e dependencia. A sociedade global.
14. A estrutura específica do ser humano e a dimensión temporal da vida humana: indeterminación, liberdade, tempo, vida e a conciencia da morte.

C. METODOLOXÍA E MATERIAIS.

Á parte de textos extraídos de manuais de antropoloxía, de revistas específicas e da prensa diaria, propoñemos tamén unha serie de posibles libros de lectura; a saber, entre

outros: ARSUAGA, J. Luis: *El collar del neanderthal*; FRANKL, V.: *El hombre en busca de sentido*; FROMM, Eric: *¿Tener o ser?* ou *El arte de amar*; GONDAR, Marcial: *Romeiros do Alén. Antropoloxía da morte en Galicia*; HARRIS, Marvin: *Caníbales y reyes. Los orígenes de la cultura*; ou *Bueno para comer. Enigmas de alimentación y cultura*; ou *Vacas, cerdos, guerras y brujas. Los enigmas de la cultura*; MARIÑO FERRO, X.R.: *Antropoloxía de Galicia*; MOSTERÍN, J.: *La naturaleza humana*; WAAL, F.: *Bien natural: los orígenes del bien y del mal en los humanos y otros animales*.

Tamén terán moita importancia no desenvolvemento desta materia, o visionado, análise e comentario de distintos filmes nos que se recollan distintos aspectos do temario.

D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Capacidade de recoller información procedente de diversas áreas do saber para comprender as características que constitúen o universal e o particular da especie humana e das súas distintas poboacións.
2. Describir, analizar e explicar, usando conceptos adecuados, algún elemento cultural do seu contorno, e comparalo con outras manifestacións culturais, establecendo semellanzas e diferenzas.
3. Capacidade de reflexionar sobre feitos culturais determinados.
4. Capacidade de establecer criterios de comparación obxectiva entre distintas culturas, adoptando un punto de vista que supere prexuízos etnocéntricos.
5. Participación en debates sobre cuestións de actualidade, relativas ás relacións entre distintos modos de vida, usando un vocabulario apropiado e argumentos pertinentes.
6. Realizar sínteses integradoras a partir de achegas teóricas traballadas, e información adquirida en distintas fontes.
7. Elaborar un traballo de investigación a través de métodos e técnicas de traballos específicos na investigación antropolóxica sobre algún aspecto cultural do contorno.

En xeral, a avaliación consistirá en analizar a destreza no manexo da información e dos conceptos básicos de cada unidade, a capacidade de relación entre os principais contidos do curso en relación aos obxectivos arriba marcados. Isto poderase comprobar por tres medios: a. Comentarios de texto. b. Probas obxectivas c. Diálogo e traballos na aula.

Criterios de cualificación.

Valorarase ademais non só a mera exposición de contidos á hora da cualificación do exame. Terase en moita consideración a precisión e a claridade de exposición, así como

a madurez persoal na mesma: orixinalidade e capacidade crítica, rigor conceptual, coherencia expositiva.

Asemade –tal como se apunta tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos principios que guían a metodoloxía didáctica- a nota da avaliación non só dependerá da cualificación do exame. Teranse en conta os aspectos que poidan contribuír a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental: participación activa na clase; exposicións dalgún aspecto das distintas unidades; comentarios de texto; lecturas de obras filosóficas, etc.

Estas actividades e actitudes poderán modificar a mera cualificación do exame ata nun 30%, valorándose positivamente ata un máximo de 1 punto e negativamente ata un máximo de 1 punto cando se amose unha actitude diletante e mesmo ata de 2 puntos se houberse unha clara actitude de entorpecemento da marcha normal da clase.

Por último, faise constar nesta programación a seguinte consideración: cando o profesor ou profesora da materia teña dúbidas razoables acerca da licitude dos medios polos que un alumno ou alumna obtén unha determinada cualificación nun exame poderá exixirlle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia obxecto do exame.

O **sistema de recuperación** constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para os exames ordinarios. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

II.6. EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA.

A. OBXECTIVOS XERAIS.

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, respectando as diferenzas e desenvolvendo a autoestima.
2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas.
3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.
4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de Dereitos Humanos, da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións por ser vulneración da dignidade humana e perturbadoras da convivencia.
6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar na prevención da violencia de xénero.
7. Apreciar os principios e valores que fundamentan os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do diverso patrimonio común.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático, asumindo os deberes cidadáns na mantenza dos bens comúns, recoñecendo ao Estado como garante dos servizos públicos.
9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades dialóxicas orientadas á participación democrática.
10. Valorar a importancia da participación política ben sexa na vida política institucionalizada ben sexa noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
11. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, ser conscientes da relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento, valorando as accións encamiñadas á consecución da paz e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.
12. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios.
13. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas.
14. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual, valorar a importancia da análise ética para a súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación.
15. Adquirir un pensamento crítico e habilidades para comunicar e defender razoadamente as propias ideas en debates, así como para aprender a escoitar.

16. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional.

B. CONTIDOS.

1. A persoa como suxeito moral. Recoñecemento, valoración e respecto da dignidade e das diferenzas sociais e culturais das persoas.
2. Coñecemento, expresión e autocontrol dos propios sentimentos e emocións.
3. As responsabilidades, individuais e colectivas, no exercicio da liberdade.
4. Condicionantes dos sistemas de valores. Subxectivismo, relativismo e pluralismo.
5. Principais teorías éticas en defensa dos dereitos e das liberdades.
6. Os Dereitos Humanos como exigencia mínima, ética e política, de xustiza.
7. Etapas na conquista dos dereitos humanos e valoración das novas reivindicacións.
8. Noción e clases de democracia: representativa e deliberativa.
9. A conquista ética da democracia.
10. Importancia da participación cidadá.
11. O sistema político español: institucións e funcionamento.
12. Os valores constitucionais: dereitos e deberes fundamentais.
13. A igualdade entre homes e mulleres.
14. Multiculturalismo e interculturalismo.
15. Cidadanía global e democracia.

C. METODOLOXÍA E MATERIAIS.

- Interese por coñecer as posicións e as razóns dos quen pensa de modo distinto. Recolleita de información sobre temas de convivencia. Elaboracións de preguntas para a participación en debates sobre temas previamente pactados, con intervencións que sigan as pautas de respecto e normas moderadoras. Elaboración de conclusións.
- Recoñecemento das inxustizas e as desigualdades. Interese pola busca e práctica de formas de vida máis xustas e participación en proxectos que impliquen actitudes de

solidariedade na vida comunitaria, dentro e fóra do centro educativo, asumindo o exercicio da cidadanía.

- Elaboración, exposición e discusión sobre textos e cuestionarios con problemáticas reais referidas aos dereitos humanos para desenvolver unha consciencia crítica atenta aos desafíos do presente e asumindo unha responsabilidade ética polo futuro.
- Adquisición de informacións contrastadas e relevantes para a comprensión dos problemas e dos desafíos da sociedade contemporánea, mediante análise comparativa e avaliación crítica das informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.
- Empregarase o libro de texto de *Educación ético-cívica* do grupo Enxergo da ed. Xerais., material audiovisual, prensa, documentais sobre as cuestións de actualidade ás que se refire o temario, textos filosóficos,...

D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Recoñecer os distintos sentimentos que sen moven nas relacións interpersoais e practicar o diálogo nas situacións de conflito como modo adecuado e responsable para a súa solución.
2. Identificar os eixos sobre os cales se constrúe, transforma ou redefine a identidade persoal.
3. Diferenciar os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas, recoñecendo distintos sistemas de valores, identificando dilemas morais que teñen a súa orixe na aplicación de diferentes paradigmas de valoración, propoñendo estratexias para a resolución.
4. Identificar e explicar axeitadamente as principais teorías éticas.
5. Recoñecer e distinguir a dimensión ética, xurídica e política dos dereitos humanos, valorándoos como principal referencia ética, en tanto que exixencia mínima de xustiza.
6. Comprender e expresar o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política e identificar os seus valores e principios morais.
7. Valorar de forma argumentada, a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas e da formación da opinión responsable.
8. Analizar as causas e apuntar solucións comprometidas e xustas respecto aos principais problemas sociais do mundo actual utilizando de forma crítica a información que proporcionan os medios de comunicación.

9. Recoñecer o proceso histórico en pos da igualdade de dereitos das mulleres, identificando e rexeitando as causas e factores de discriminación, así como as situacións de violencia machista das que son vítimas.

10. Xustificar as propias posicións utilizando a argumentación e o diálogo e participar de forma democrática e cooperativa nas actividades do centro e do contorno.

11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global e comprender a necesidade de compartir uns mínimos morais posibilitadores da convivencia.

En xeral, a avaliación consistirá en analizar a destreza no manexo da información e dos conceptos básicos de cada unidade, a capacidade de relación entre os principais contidos do curso en relación aos obxectivos arriba marcados. Isto poderase comprobar por tres medios: a. Comentarios de texto. b. Probas obxectivas c. Diálogo e traballos na aula.

Criterios de cualificación.

Valorarase ademais non só a mera exposición de contidos á hora da cualificación do exame. Terase en moita consideración a precisión e a claridade de exposición, así como a madurez persoal na mesma: orixinalidade e capacidade crítica, rigor conceptual, coherencia expositiva.

Asemade –tal como se apunta tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos principios que guían a metodoloxía didáctica- a nota da avaliación non só dependerá da cualificación do exame. Teranse en conta os aspectos que poidan contribuír a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental: participación activa na clase; exposicións dalgún aspecto das distintas unidades; comentarios de texto; lecturas de obras filosóficas, etc.

Estas actividades e actitudes poderán modificar a mera cualificación do exame ata nun 30%, valorándose positivamente ata un máximo de 1 punto e negativamente ata un máximo de 1 punto cando se amose unha actitude diletante e mesmo ata de 2 puntos se houbese unha clara actitude de entorpecemento da marcha normal da clase.

Por último, faise constar nesta programación a seguinte consideración: cando o profesor ou profesora da materia teña dúbidas razoables acerca da licitude dos medios polos que un alumno ou alumna obtén unha determinada cualificación nun exame poderá exixirlle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia obxecto do exame.

O **sistema de recuperación** constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para os exames ordinarios. A nota da avaliación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

II.7. EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E PARA OS DD.HH.

A. OBXECTIVOS XERAIS.

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, respectando as diferenzas e desenvolvendo a autoestima.
2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas.
3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.
4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de Dereitos Humanos, da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.
5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións por ser vulneración da dignidade humana e perturbadoras da convivencia.
6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar na prevención da violencia de xénero.
7. Apreciar os principios e valores que fundamentan os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do diverso patrimonio común.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático, asumindo os deberes cidadáns na mantenza dos bens comúns, recoñecendo ao Estado como garante dos servizos públicos.
9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades dialóxicas orientadas á participación democrática.
10. Valorar a importancia da participación política ben sexa na vida política institucionalizada ben sexa noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
11. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, ser conscientes da relación entre os conflitos armados e o

- subdesenvolvemento, valorando as accións encamiñadas á consecución da paz e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.
12. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios.
 13. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas.
 14. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual, valorar a importancia da análise ética para a súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación.
 15. Adquirir un pensamento crítico e habilidades para comunicar e defender razoadamente as propias ideas en debates, así como para aprender a escoitar.
 16. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional.

B. CONTIDOS.

1. Semellanzas e diferenzas entre os seres humanos: natureza e cultura.
2. As distintas formas de discriminación. Análise crítica dos prexuízos.
3. O recoñecemento da igualdade duns dereitos e deberes comúns a todos os seres humanos: a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
4. Dereitos e deberes no ámbito escolar, familiar, social e cidadán.
5. Importancia dos valores da convivencia, participación e colaboración para os individuos e para a sociedade.
6. Formas de participación e compromiso social e político.
7. A Constitución española e o estatuto de Autonomía de Galicia.
8. A globalización: conflitos e problemas.
9. Organismos internacionais e ONGs

C. METODOLOXÍA E MATERIAIS.

- Lectura comprensiva e análise comparativa e crítica a partir de distintos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión.
- Identificación de problemas actuais, a súa conceptualización e reflexión argumentada.
- Prácticas de exposición (oral e escrita) das ideas propias ou dos resultados das lecturas e da información obtida a través de diversos medios.
- Preparación e intervención en debates sobre aspectos relevantes da realidade social, requirindo unha actitude de diálogo como estratexia para a identificación dos conflitos e a solución dos problemas.
- Recompilación de información sobre os distintos tipos de documentos que recollen a lexislación internacional sobre os dereitos humanos (declaracións, pactos, convenios...) e sobre os mecanismos de control e protección dos acordos.
- Coñecemento e manexo da Declaración universal dos dereitos humanos, asunción das responsabilidades que dela se derivan e recoñecemento do seu valor como conquista histórica inacabada.
- Identificación e valoración do sistema de dereitos e deberes como base da convivencia política.
- Identificación das principais institucións e dos conceptos fundamentais que definen un sistema democrático.
- Identificación e coñecemento dos principios, dereitos e deberes fundamentais recoñecidos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.
- Identificación e exercicio dos deberes e dereitos que teñen como alumnado dun centro.
- Participación no centro educativo e nalgúns actividades sociais da comunidade como aprendizaxe dos deberes cidadáns.
- Asunción da responsabilidade cidadá a través do aprecio dos bens comúns e servizos públicos; da valoración dos impostos como a contribución aos gastos e investimentos públicos e como instrumento para a distribución da renda e compensación das desigualdades; da avaliación das consecuencias dos accidentes de circulación e implicación na súa prevención; do coñecemento dos dereitos e deberes que implica o consumo, planificación de condutas e adquisición de hábitos

de consumo racional e responsable compatible coa sustentabilidade; e da observación do impacto das actividades individuais e colectivas sobre o ambiente e valoración da responsabilidade polo seu coidado.

- Valoración da diversidade social e cultural como enriquecedora da convivencia nunha sociedade plural.
- Identificación dos elementos culturais propios que poidan estar en perigo nun mundo globalizado e posibles solucións.
- Sensibilización fronte ás necesidades de colectivos e grupos desfavorecidos, tomando en consideración iniciativas encamiñadas á construción dunha sociedade máis xusta e solidaria.
- Identificación dos principais conflitos no mundo actual. Identificación e valoración das accións individuais e colectivas a favor da paz.
Análise e valoración da influencia das novas formas de comunicación, información e mobilidade no establecemento de relacións globais entre as persoas de diferentes lugares do mundo e das consecuencias da globalización económica.

Como libro de texto usaremos *Educación para a Cidadanía* de 2º ESO da editorial Obradoiro-Santillana.

D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Valorar a importancia das outras persoas para a construción da propia autonomía, tomando conciencia dos vínculos que están na base da convivencia: o respecto e tolerancia polas diferenzas persoais e sociais.
2. Practicar o diálogo para evitar e superar os conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
3. Identificar e rexeitar, a partir da análise de feitos reais ou figurados, calquera forma de discriminación sexual, étnica, xeográfica, relixiosa, ...
4. Participar, de modo democrático e cooperativo, nas actividades programadas na aula, na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio duna cidadanía activa.
5. Utilizar diferentes fontes de información e considerar as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulen sobre problemas e situacións de carácter local ou global.
6. Identificar os principios básicos das declaracións internacionais dos dereitos humanos e a súa evolución e recoñecer e rexeitar as desigualdades de feito e de dereito, en particular as que afectan as mulleres.

7. Identificar os conceptos fundamentais que definen un sistema democrático, os principios e as institucións fundamentais, así como os dereitos e deberes que establece a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia.

8. Identificar os principais servizos públicos que deben garantir as administracións, recoñecer a contribución dos cidadáns no seu mantemento e mostrar actitudes cívicas respecto ao coidado do contorno, á seguridade vial ou ao consumo responsable.

9. Utilizar e contrastar con rigor información procedente de diversos medios para identificar as causas dalgúns dos problemas de convivencia nas sociedades actuais, formando unha cabal opinión e asumindo as propias responsabilidades.

10. Identificar as características e as implicacións cotias da globalización e o papel que xogan nela as novas tecnoloxías da información e de comunicación, así como a crecente interdependencia económica mundial.

11. Recoñecer a existencia de conflitos e o papel que desempeñan neles as organizacións internacionais e as forzas de pacificación.

En xeral, a avaliación consistirá en analizar a destreza no manexo da información e dos conceptos básicos de cada unidade, a capacidade de relación entre os principais contidos do curso en relación aos obxectivos arriba marcados. Isto poderase comprobar por tres medios: a. Comentarios de texto. b. Probas obxectivas c. Diálogo e traballos na aula.

Criterios de cualificación.

Valorarase ademais non só a mera exposición de contidos á hora da cualificación do exame. Terase en moita consideración a precisión e a claridade de exposición, así como a madurez persoal na mesma: orixinalidade e capacidade crítica, rigor conceptual, coherencia expositiva.

Asemade –tal como se apunta tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos principios que guían a metodoloxía didáctica- a nota da avaliación non só dependerá da cualificación do exame. Teranse en conta os aspectos que poidan contribuír a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental: participación activa na clase; exposicións dalgún aspecto das distintas unidades; comentarios de texto; lecturas de obras filosóficas, etc.

Estas actividades e actitudes poderán modificar a mera cualificación do exame ata nun 30%, valorándose positivamente ata un máximo de 1 punto e negativamente ata un máximo de 1 punto cando se amose unha actitude diletante e mesmo ata de 2 puntos se houbese unha clara actitude de entorpecemento da marcha normal da clase.

Por último, faise constar nesta programación a seguinte consideración: cando o profesor ou profesora da materia teña dúbidas razoables acerca da licitude dos medios polos que

un alumno ou alumna obtén unha determinada cualificación nun exame poderá exixirle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia obxecto do exame.

O **sistema de recuperación** constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para os exames ordinarios. A nota da avaliación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

III. CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Especificamente márcanse as competencias básicas para o ensino secundario obrigatorio, pero sen dúbida poden facerse extensibles ao ensino post-obrigatorio, na medida na que esas destrezas son tamén desenvoltas no bacharelato.

Sen dúbida que a *Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos* e a *Educación Ético-cívica* relaciónanse –polos seus contidos– directamente e en primeiro lugar coa **competencia social e cidadá**. Neste senso cabe incidir na preocupación por algúns aspectos dos propios contidos curriculares da materia:

- A igualdade entre os sexos ou a loita contra as formas de exclusión social ou discriminación.
- A responsabilidade polo coidado do medio ambiente ou pola orientación do desenvolvemento tecnocientífico.
- Os modos de participación no debate cidadán en pos dunha actitude que defenda os valores democráticos.
- O coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticos.
- A evolución histórica dos dereitos humanos.
- O achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as súas implicacións.

No seu desenvolvemento debe propiciarse ademais a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer unha forma plena de cidadanía democrática:

- a) ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permitan participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas;
- b) ao contribuír a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, a tomar conciencia e facilitar a expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións;
- c) ao impulsar os vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación, contribúe a fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais;
- d) ao xerar sentimentos non excluíntes e a interiorizar o valor de respecto, así como a aceptar e usar convencións e normas sociais facilitadoras da convivencia;
- e) ao consolidar os valores de cooperación, de solidariedade, de xustiza e de non violencia grazas a sensibilización ante as situacións de discriminación e inxustiza;
- f) ao abrir as portas a tomar conciencia da necesidade do compromiso e da participación tanto no ámbito persoal coma no social;
- g) a fomentar a práctica do diálogo como medioa para afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos;
- h) ao favorecer a identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e ao ofrecer como referente ético común os valores que sustentan a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia.

Así pois, esa competencia está implícita e mesmo totalmente imbricada no mesmo desenvolvemento dos contidos desta área do currículo. Neste mesmo nivel, estas materias potencian o desenvolvemento da **competencia da autonomía e iniciativa persoal**, xa que o modo de alcanzar esa competencia depende precisa -aunque nin moito menos unicamente- do coñecemento dun mesmo, do autocontrol e do equilibrio emocional. Estes -dalgún modo- deriva do recto coñecemento e reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións. Ademais a formación dun código moral propio e autónomo aséntase nalgunha medida no coñecemento das distintas teorías éticas.

Tamén nos procedementos se atende a esta competencia pois neles se atende especialmente á argumentación, á elaboración de ideas propias, ao estudo de casos que exixan un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións, á necesidade de planificar, tomar decisións con criterio propio e asumir a responsabilidade da elección; ou á formulación e resolución autónoma e democrática de dilemas morais. Son estes aspectos que sen dúbida deben contribuír a desenvolver esa competencia básica.

Podemos atopar ademais unha serie de contidos curriculares -aunque non centrais, si moi relevantes- relativos á **competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**, a saber: o uso responsable dos recursos naturais, a necesidade de preservar o ambiente, a potenciación dun consumo responsable e dunha forma de vida saudable.

Ademais no desenvolvemento procedemental contribúese ao desenvolvemento doutras competencias:

- O uso sistemático do diálogo e do debate contribúe á **competencia en comunicación lingüística**. Debater en serio exige exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación e para iso é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.
- A través da educación afectivo emocional contribúe ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender** porque facilita o recoñecemento das propias capacidades e carencias e as habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas; porque o desenvolvemento do diálogo e a valoración das razóns doutras persoas require admitir a diversidade de respostas ante un mesmo problema; porque o estímulo das destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.
- A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a **competencia tratamento da información e competencia dixital**.
- O desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural exige ser quen de apreciar os distintos feitos culturais e deleitarse coa abraiante riqueza das distintas manifestacións artísticas dos distintos grupos humanos en distintas épocas e lugares, expresión do intelecto e sensibilidade humanas. Motivos e razóns para mellorar a **competencia cultural e artística**.

IV. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

Co propósito de garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios, os membros deste Departamento facemos constar o noso interese polo Plan Lector do Centro e queremos contribuír ao seu éxito.

Nas Memoria dos pasados cursos, quixemos deixar constancia do proceso de reorganización do material bibliográfico do departamento, primando, en primeiro lugar a incorporación das novas edicións dos textos dos autores clásicos e, en segundo lugar, a adquisición –coordinándonos co servizo de biblioteca do centro- de material bibliográfico accesible ás capacidades e –na medida do posible- aos intereses do alumnado.

Deixamos xa comentado que, se ben os fondos bibliográficos de filosofía son realmente eloxiables –polo seu volume, antigüidade e calidade intelectual- a cantidade de obras axeitadas para a súa lectura por parte dos alumnos resultaba insignificante, case testemuñal. A raíz desta observación e en coordinación co persoal da Biblioteca do Centro, solicitamos a compra de material bibliográfico máis axeitado para os alumnos e comezamos a premiar aos alumnos que presentasen resúmenes das lecturas dalgún dos libros chegados á biblioteca ou doutra procedencia.

Consideramos que este debía ser o primeiro paso para unha interrelación maior entre a biblioteca e o departamento e para á invitación á lectura filosófica.

Para este curso 2009-2010, temos xa en estado de avanzada elaboración unha lista de libros de lectura que aumente o volume do material bibliográfico da biblioteca no ámbito da filosofía, especialmente en referencia aos tres niveis da nova faceta da Filosofía, centrada na *educación para a cidadanía* (en 2º da ESO: *Educación para a Cidadanía e para os DD.HH.*; en 4º da ESO: *Educación ético-cívica*; e en 1º de bacharelato: *Filosofía e cidadanía*) obviamente debido a que resulta ser a máis recente incorporación ao currículo asignado ao departamento. Pero non só nesa faceta se deben ofrecer máis recursos, senón tamén na ampliación da *Antropoloxía* como unha asignatura aínda recentemente incorporada ao currículo; e non menos son necesarios para a *Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía*, ou para *Ética e Filosofía do Dereito*, optativas de 2º de bacharelato. Por iso, cremos que se precisa unha asignación extraordinaria para novo material bibliográfico e facer fronte en mellores condicións a esta nova situación.

No arranque de curso tamén se lles ofrecerán aos alumnos-as listados de libros de lectura e a medida que avance o curso se lle seguirán dando indicacións dalgúns outros, que polas súas características podan ser de interese para a súa formación filosófica e cidadán.

Nos programas de todas as asignaturas asumidas polo Departamento existen indicacións metodolóxicas –non podería ser doutro xeito- en referencia á lectura e á comprensión lectora. E son aspectos estes obviamente avaliados e avaliados.

En todo caso, nas aulas diariamente lense textos en voz alta. Non só se len, senón que se comentan para buscar a súa mellor comprensión. Os textos refírense tanto aos contidos específicos das distintas unidades da materia como a fragmentos de obras filosóficas, textos de opinión en xornais, noticias,...

V. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES NAS T.I.C.

Ao longo deste curso 2009-2010 buscaremos afondar no uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, a través da posta en práctica dos procedementos seguintes:

1. Extensión do uso das novas tecnoloxías na aula. Incorporaremos nalgunhas das exposicións do currículo esas novas tecnoloxías: uso de páxinas web, presentacións en power-point,...

2. Referencias a páxinas web. Tal como se vén realizando desde hai dous ou tres cursos, non só se ofrecerán libros ou manuais de consulta aos alumnos para que podan ampliar os seus coñecementos ou desenvolver os traballos de investigación, senón que se lle indicarán portais específicos de filosofía e outras páxinas web de referencia máis específica. Neste senso, á parte de entrar en *wikipedia* para calquera concepto ou autor; tamén son de notable interese, entre outras, as seguintes:

- www.cibernous.com (proxecto educativo premiado polo MEC).
- www.webdianoia.com (biografías, obras, pensamento, textos, exercicios,...).
- www.lacavernadeplaton.com (lugar de encontro para os interesados en filosofía).
- <http://serbal.pntic.mec.es> (Revista de filosofía del MEC, *A parte Rei*).
- <http://www.asociaciondoutorcastro.org/> (portal galego de filosofía).
- <http://www.filosofia.org/> (portal de filosofía da Fundación Gustavo Bueno).

3. Traballos presentados en soporte informático. Se invitará aos alumnos-as que presenten os seus traballos de investigación en soporte informático, no que aparezan referencias a páxinas web, se realicen presentacións en power-point, se inserten imaxes, vídeos ou audios da rede. A experiencia do pasado curso cos alumnos-as de Filosofía e Cidadanía e cos de Filosofía da ciencia e da tecnoloxía anima a continuar e afondar nestes procedementos.

4. Correo electrónico cos alumnos. Nalgúns casos nos comunicaremos cos alumnos-as a través do correo electrónico, para facilitar ou axilizar o intercambio de información entre profesor e alumno, tal como xa realizamos o pasado curso.

5. Creación de blogs. A intención nalgún caso será a creación dalgún blog onde compartir información e ser vehículo e canle do avance e progreso no noso coñecemento. Neste senso, continuaremos o traballo iniciado o pasado curso cos alumnos-as de Filosofía da ciencia e da tecnoloxía co blog www.arquimedesenourense.blogspot.com.

VI. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O tratamento da diversidade debe incidir en: a) atender no posible as circunstancias persoais do alumnado e ó contexto no que se desenvolve a súa educación; b) ter en conta os intereses e motivacións do alumnado.

Da mesma maneira coa finalidade de atender no posible ás peculiaridades persoais do alumnado dentro do seu proceso de aprendizaxe, ó longo do curso adoptaranse medidas tendentes a proporcionar certos reforzos pedagóxicos ós alumnos e alumnas que os necesiten, así como a programar aprendizaxes complementarios para aquel alumnado que, polas súas especiais aptitudes, excedan o nivel medio do curso en canto a coñecementos da materia. Como medidas de reforzo á aprendizaxe, propóñense as seguintes:

- Programar *comentarios de texto*, actividades, exercicios, etc. máis sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe; sobre todo, nos primeiros meses de clase. Desta maneira, intentarase que progresivamente comprendan os principios esenciais para poder meterse, posteriormente, naqueles temas máis abstractos ou complexos.
- Proporcionarlles *axuda directa* naquelas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.
- Incluír dentro do seu plan de traballo *actividades sinxelas e adicionais* que lles permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.
- Nos traballos en grupo, organizar estes de tal maneira que este alumnado se atope *distribuído en diferentes grupos*, con el fin de que os compañeiros con mellor rendemento académico poidan axudarlles na realización da súa tarefa.

Se existise *alumnado superdotado* ou cun maior nivel de coñecementos filosóficos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias: a) lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual; b) actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.

VII. PROGRAMAS DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

Dentro do plan de recuperación dos alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, alumnos de 2º de Bacharelato coa asignatura de Filosofía de 1º pendente de aprobar, estableceuse como criterio o seguimento continuado a través de distintos cuestionarios e outras actividades (especialmente comentarios de textos, disertacións e traballos de investigación).

Cada semana, recibiríanse aos alumnos no departamento, establecéndose os obxectivos da semana, comentándose dúbidas, repartíndose o traballo novo, e avaliándose o traballo presentado.

Se con esta dinámica, non se acadase a consecución dos obxectivos do curso, habería unha proba escrita a finais do mes de abril do 2010.

VIII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Como actividades complementarias propoñemos a asistencia a algunhas conferencias a algunha representación teatral ou á proxección dalgunha película, tanto programadas dende o Centro como as que teñen lugar na cidade que teñan que ver co currículo do curso.

IX. PLAN DA AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE. PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN RECOLLIDAS NA MEMORIA.

Os membros deste departamento tratamos de variar a nosa práctica, con flexibilidade, a medida que os resultados obtidos, a través da avaliación non sexan satisfactorios. No caso de segundo de bacharelato temos unha avaliación externa, que con todas as súas limitacións nos orienta cada curso.

Tratamos de formarnos e abrírnos a novas correntes didácticas innovadoras. Nas reunións de departamento debateremos a nosa práctica docente e, en casos, modificaremos o noso modo de ensinar, con flexibilidade e sempre, dependendo das características do alumnado.

Naqueles aspectos que consideremos oportunos procederemos a modificalos e a tal efecto indicárase na Memoria de remate do curso 2009-2010.

**Conformes coa presente programación para o curso 2009-2010,
asinan os profesores e profesora do departamento de Filosofía,**

Asdo. Xulio Fernando Negreira Vilacoba.

Asdo. Patricia Figueroa Rodríguez.

Asdo. Antonio Fernández Seoane.

**Asdo. José Luis Martínez Costas.
(xefe do departamento)**

En Ourense, a 17 de setembro de 2009.